

# Colaboración transfronteriza en incendios forestales con Portugal. Protocolos de activación y desarrollo de operaciones.




Incendios en Galicia e norte de Portugal. Agosto 2006.  
Foto NOAA



# I.- INTRODUCCIÓN:

El operativo de extinción de incendios forestais en la Comunidad Autónoma de Galicia queda definido en un plan de carácter anual, el PLADIGA (Plan de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia).

El PLADIGA tiene por objeto el establecimiento de la organización y el procedimiento de actuación de los recursos y servicios cuya titularidad corresponde a la Comunidad Autónoma de Galicia, de aquellos que puedan ser asignados a este por la Administración General del Estado, así como de los que pudiesen ser facilitados por otras Entidades Públicas o privadas para hacer frente a los incendios forestales dentro del territorio gallego.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Los medios adscritos al PLADIGA son:

Los medios propios de la Consellería del Medio Rural y del Mar, de entidades públicas y privadas.

Los medios contemplados en el Plan Contra Incendios Forestales Estatal del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente para el apoyo a las comunidades autónomas.

Los apoyos puntuais de medios de las comunidades autónomas fronterizas con las que existe convenio o acuerdo (Asturias y Castilla y León).



Fuera del ámbito del PLADIGA, en la extinción de los incendios forestales en Galicia colaboran medios públicos ajenos a la Consellería del Medio Rural e del Mar, como son las Agrupaciones de Protección Civil, los bombeiros (municipales y de los consorcios), cuerpos y fuerzas de seguridad, **UME** etc.

- **Ademas, existe de un protocolo de ayuda mutua en caso de incendios forestales entre el Reino de España y la República Portuguesa, aparte de las colaboraciones excepcionales de otros estados (2006).**







## Estructura organizativa

Centros de coordinación  
provinciais

Centros de coordinación  
de distritos







- XERÁRQUICA
- XERÁRQUICA EN ÉPOCAS DE PERIGO DE INCENDIOS
- FUNCIONAL

Os Distritos Forestais en situación de xestión ordinaria dependen funcionalmente dos Servizos provinciais de Montes e Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

En situacións de carga de extinción de incendios forestais os Distritos Forestais pasan a depender xerárquicamente dos SPDCIF.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

E DO MAR


# DISTRITOS FORESTALES

Provincia A Coruña	Provincia Lugo
I Ferrol	VI Mariña - Lucense
II Bergantiños - M. Coruñesas	VII Fonsagrada - Os Ancares
III Santiago - Meseta Interior	VIII Terra de Lemos
IV Barbanza	IX Lugo - Sarria
V Fisterra	X Terra Chá
Provincia Ourense	Provincia Pontevedra
XI O Ribeiro - Arenteiro	
XII Miño - A Arnoia	XVI Deza - Tabeirós
XIII Valdeorras - Trives	XVII O Condado - A Paradanta
XIV Verín - Viana	XVIII Vigo - Baixo Miño
XV A Limia	XIX Caldas - O Salnés





# Organigrama operativo de despregue e solicitude de medios







**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

*PLADIGA 2012*

---

**PROTOCOLO ADICIONAL SOBRE AXUDA MUTUA EN CASO DE INCENDIOS FORESTAIS EN ZONAS FRONTEIRIZAS, ADOPTADO NOS TERMOS DO ARTICULO 8 DO PROTOCOLO ENTRE O REINO DE ESPAÑA E A REPÚBLICA PORTUGUESA SOBRE COOPERACIÓN TÉCNICA E ASISTENCIA MUTUA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL.**

**FEITO EN EVORA O 9 DE MARZO DE 1992**

<http://www.boe.es/boe/dias/1993/07/23/pdfs/A22547-22549.pdf>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Por todo elo, ambas partes acordan as disposicións seguintes:

### Artigo 1.-Obxecto do Protocolo

O presente Protocolo ten por obxecto o establecemento das condicións e procedementos para a prestación de asistencia ou socorro e os requisitos para a contribución de medios no caso de emerxencia por incendios forestais en zonas fronteirizas entre España e Portugal.


### Artigo 2.-Ámbito territorial de aplicación

2.1. O presente Protocolo será de aplicación ás zonas fronteirizas que, tanto do lado portugués como do español, están constituídas polos concellos limitrofes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

*PLADIGA 2012*

---

2.2. Dentro das zonas fronteirizas terán unha especial consideración, en canto aos procedementos a aplicar, os incendios forestais que, non observándose que se estean levando a cabo traballos de extinción por parte das autoridades do país afectado, se atopen a menos de cinco quilómetros da fronteira e cuxas condicións de propagación (vento, relevo, modelos de combustible, etc.), fagan previsible unha moi elevada probabilidade de que o lume pase dun país a outro, nun curto período de tempo.





### Artigo 3.-Autoridades competentes e Órganos executores

- 3.1. Nos casos de urxente necesidade, derivada da ocorrencia de incendios forestais en zonas fronteirizas, as autoridades competentes para a xestión da solicitude e a prestación a axuda, serán os Gobernadores Cívís dos distritos portugueses limítrofes e os Subdelegados do Goberno nas provincias españolas limítrofes, estes últimos actuando en coordinación coa autoridade competente da Comunidade Autónoma correspondente.
  
- 3.2. Nestes casos, os Gobernadores Cívís e os Subdelegados do Goberno haberán de informar, de forma inmediata aos seus respectivos órganos executores previstos no artigo 6 do Protocolo de 9 de marzo de 1992 así como, no caso español, á Dirección Xeral de Conservación da Natureza do Ministerio de Medio Ambiente, os cales conservarán a capacidade para se facer cargo da xestión directa das solicitudes e prestacións de axuda, de acordo cada un coas súas competencias, naqueles casos en que estimen que as características da emerxencia fixéseno necesario.



Artigo 4.-. Procedemento xeral de solicitude e ofrecemento de medios

O procedemento xeral de solicitude e ofrecemento de medios aplicarase de acordo cos seguintes criterios:

Cando a autoridade competente dun dos países, segundo o disposto no artigo 3.1, deba solicita-la axuda de medios do outro para a extinción dun incendio forestal no seu territorio, farao á autoridade competente do país veciño, enviando, mediante comunicación confirmada

por fax ou correo electrónico, os datos que se inclúen no formulario de solicitude que figura no Anexo 1. Esta contestará polas mesmas vías indicando se é posible prestar dita axuda ou non, e, en caso afirmativo, informará sobre os medios que pode enviar e as súas características co formulario que figura no Anexo 2.



Artigo 5.- Procedemento especial de primeiro ataque a incendios forestais a menos de cinco quilómetros da fronteira

O procedemento especial de primeiro ataque a incendios forestais a menos de cinco quilómetros da fronteira será de aplicación cos seguintes criterios:

- 5.1. Nos supostos de urxente necesidade previstos no artigo 3.1 cando un incendio fôra primeiramente detectado por unha autoridade competente do país veciño, e sempre e cando este se atopase a menos de cinco quilómetros da fronteira e existise alta probabilidade de que o lume pasase dun país a outro nun curto período de tempo, esa autoridade poderá decidir a intervención dos servizos de extinción do seu país para contelos, sen máis requisitos que comunicación previa á autoridade competente do país onde se orixina o incendio, para coñecemento desta e para que poida dispo-lo comezo das labores de ataque dende o seu propio país. Dita intervención quedará condicionada, en todo caso, á dispoñibilidade de medios do país que preste a axuda.
- 5.2. Ditas autoridades competentes informarán de inmediato, en Portugal, ao Servizo Nacional de Bombeiros e de Protección Civil, e en España, á Dirección Xeral de Protección Civil e, se non o fixese previamente, á Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Como sexa que nestas circunstancias a intervención non é en resposta a unha solicitude, non será necesario o uso dos formularios ós que se fai referencia no artigo 4.1, do presente Protocolo, a non ser que sexa precisa a prolongación da intervención dos medios de axuda máis alá do primeiro ataque ó incendio.





Artículo 6.- Planificación.

- 6.1. Os Gobernadores Cívicos, por parte portuguesa, e os Subdelegados do Goberno, por parte española, en coordinación coas Comunidades Autónomas correspondentes, poñerán a disposición mutua os mapas de riscos por incendios forestais en zonas fronteirizas e os catálogos de medios e recursos dispoñibles, así como a súa localización, para a atención de emerxencias por incendios forestais acontecidos en zonas fronteirizas.
- 6.2. Esta información deberá formar parte dun Plan de Axuda Mutua en Emerxencias por Incendios Forestais en Zonas Fronteirizas, o cal se elaborará conxuntamente entre o *Serviço Nacional de Bombeiros e Protección Civil de Portugal* e as Direccións Xerais de Protección Civil e de Conservación da Natureza, de España, coa colaboración de todas as entidades implicadas na loita contra os incendios forestais nos respectivos países.
- 6.3. O Plan definirá o procedemento de coordinación entre os responsables para a dirección a loita contra os incendios trasfronterizos e a ambos lados da fronteira.
- 6.4. O referido Plan deberá ser sometido á Comisión Internacional de Límites entre España e Portugal, por intermedio das respectivas delegacións nacionais, tralo cal será definitivamente aprobado polo *Serviço Nacional de Bombeiros e Protección Civil de Portugal* e polas Direccións Xerais de Protección Civil e da Conservación da Natureza de España, entrando en vigor ó día seguinte da súa aprobación.



Artigo 7.- Entrada en vigor

- 7.1. O presente Protocolo entrará en vigor trinta días despois da data de recepción da derradeira notificación, por vía diplomática, do cumprimento dos requisitos do ordenamento interno de cada unha das partes, necesarios a este efecto.
  
- 7.2. O presente Protocolo terá unha duración de dous anos, automaticamente renovables, podendo ser denunciado por calquera das parte mediante aviso previo por escrito, e por